

Primeira reunión da **Comisión Mixta Paritaria** do **Convenio de Consultoría e Estudos de Mercado**



Na mañá de hoxe, 25 de xaneiro, levouse a cabo a primeira reunión da **Comisión Mixta Paritaria** do Convenio Colectivo de Empresas de Consultoría, Tecnoloxías da Información, Estudos de Mercado e da Opinión Pública.

Puidemos dar resposta a múltiples consultas, non a todas, pois o volume recibido ata o de agora foi tal que se fixo imposible resolvelo nunha soa reunión.

De entre as que se atenderon destacamos unha das máis importantes, a referente á **reclasificación profesional** realizada neste Convenio:

A Comisión Paritaria resolveu que o Convenio contempla un cambio de Área para encadrar á persoa traballadora en base ás súas funcións na nova clasificación profesional pactada, pero **sempre** mantendo o grupo e nivel de orixe. O criterio foi claro: **non se pode baixar o grupo e/o nivel ao reclasificar.**

Ademais, puxéronse sobre a mesa outras cuestións como a data de pago das dietas actualizadas, desde cando se paga a antigüidade e en cantas pagas, e outras nas que xa había un consenso claro na mesma negociación e que se liquidaron con acordo.

Doutra banda, saíron varias cuestións que non puideron ser liquidadas por dispoñer dun redactado que non permitía a interpretación por parte da Comisión.

Por último, acordamos próximas reunións para o mes de febreiro que nos permitan continuar traballando activamente e dar resposta ao resto de consultas expostas.

ESTE CONVENIO TEN MOITO DE TI